

IV CERTAME CULTURAL IES DE BRIÓN. MAIO 2023

"IMAXINEMOS UN MUNDO SIN INTERNET"

BASES:

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES de Brión no curso 2022/2023, cun máximo de catro traballos, un por cada unha das modalidades das que consta o certame. O obxectivo desta cita é conmemorar o 17 de Maio, por iso a lingua que imos empregar é o galego. "**IMAXINEMOS UN MUNDO SIN INTERNET**" é o lema que propoñemos: é un punto de partida para que cada quen poña en marcha a súa creatividade.

2. MODALIDADES

- ✓ **RELATO CURTO:** Os traballos presentaranse en tipo de letra tamaño 12 e interliñado 1,5. A extensión non será inferior a 500 palabras nin superior ás 2.000.
- ✓ **POESÍA:** Poderanse presentar traballos de calquera estilo e extensión
- ✓ **CARTAZ:** Poderase empregar calquera técnica. O tamaño non excederá o DIN-A3. Se a presentación é dixital o formato será en png ou jpg e 300 ppp de resolución.
- ✓ **NOVAS TECNOLOXÍAS:** Inclúense nesta modalidade vídeos ou podcast. A duración das gravacións non superará os 4 minutos. Nesta categoría poderán presentarse traballos individuais ou realizados por grupos de ata 3 persoas

3. **CATEGORÍAS:** En cada modalidade establécense dúas categorías:

- CAT A (alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO)
- CAT B (alumnado de 4º de ESO e BAC)

4. ENTREGA DOS TRABALLOS:

- ✓ A data límite para participar no certame é o **8 de MAIO**. Os traballos enviaranse preferiblemente por correo electrónico á dirección certamecultural@iesbrion.com.
- ✓ Tamén poden entregarse presencialmente na Biblioteca do centro.
- ✓ No caso de envío telemático, os traballos só irán identificados cun lema, modalidade, categoría á que pertencen e pseudónimo da autora ou autor, sen

ningún dato persoal. Remitirase posteriormente outro correo no que se adxuntarán nome real e curso ó que pertence

- ✓ Os traballos que se entreguen na Biblioteca irán en sobre pechado. No exterior indicará o título da creación e a modalidade á que se presenta. No interior, dentro doutro sobre máis pequeno, indicarase a identidade real da persoa ou persoas responsables do traballo e o seu curso. No caso dos cartaces, levarán no reverso título e pseudónimo, e entregaranse igualmente acompañados por un sobre pechado cos datos que permitan identificar a autoría do traballo: nome completo e curso.

5. PREMIOS: Establécense dous premios por categoría en cada unha das modalidades.

- 1º Premio: Diploma, 30€ en efectivo e cheque de 20€ para material de librería
- 2º Premio: Diploma e cheque de 20€ para material de librería

*No caso de traballos colectivos, duplícase o importe do premio

O xurado poderá decidir deixar deserta algunha categoría.

Un dos cartaces gañadores empregárase para a difusión da vindeira edición do Certame Cultural.

O fallo do xurado darase a coñecer no IES, no decurso dos actos conmemorativos do 17 de Maio.

A organización do Certame Cultural IES DE BRIÓN 2021 resérvase a potestade de publicar o contido dos traballos gañadores. Trátase exclusivamente de poñer en valor o esforzo creativo dos participantes e animar a que cada vez máis alumnado participe.

Ies de Brión / Anpa Pedra Viada